



**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**


**Facultade de Filoloxía**

**Grao en Galego: Estudos Lingüísticos e Literarios**

**Ano académico 2020/2021**

# **A TOPONIMIA DE FISTEUS: UNHA APROXIMACIÓN**

**Natalia Sánchez Fernández**



**Director: Manuel Ferreiro Fernández**

## Índice

1. Resumo .....	III
2. Introducción.....	- 5 -
3. Traballo.....	- 6 -
a. O valor da toponimia.....	- 6 -
b. O obxecto de estudo .....	- 7 -
c. Os topónimos: descrición e estudo.....	- 9 -
d. Clasificación dos topónimos .....	- 35 -
4. Conclusións.....	- 38 -
5. Bibliografía .....	- 39 -

## 1. Resumo

Este traballo baséase na análise e na clasificación de preto de 200 topónimos recollidos na parroquia de Fisteus, no concello coruñés de Curtis. O principal obxectivo é reivindicarmos a importancia da toponimia e o seu valor lingüístico e sociolóxico, a través dunha análise pormenorizada destes testemuños idiomáticos. Finalmente, realizamos unha clasificación que nos permitiu organizarmos os topónimos en diferentes categorías, en función do seu significado e da súa etimoloxía.

Para poder levarmos a cabo esta tarefa, o traballo contou con varias fases. A primeira consistiu na recolección dos topónimos, ben a través de fontes orais ou ben a partir doutras ferramentas en liña. A seguir, elaboramos unha listaxe en que se incluíron todos os topónimos, coa intención de definirmos a súa tipoloxía, o seu significado e a súa orixe. Coa axuda dunha ampla bibliografía de consulta, conseguimos explicar case todos os topónimos. Finalmente, a partir dos resultados da análise, presentamos unha breve proposta de clasificación semántica e etimolóxica.

Debido á inmensa riqueza toponímica que presenta o territorio galego, escollemos como obxecto de estudo unha parroquia que ben podería pertencer a calquera outro punto da Galiza, como veremos a continuación. Trátase dunha parroquia cun carácter eminentemente rural, vinculada desde as súas orixes ao traballo do campo e á gandaría, dous sectores de vital importancia na economía da zona, mesmo a día de hoxe. Todo isto vese reflectido no inventario toponímico que conservamos: centos de topónimos, microtopónimos e hidrónimos, que se refiren a diferentes realidades da paisaxe da zona –aínda que algunhas xa non existan na actualidade. Entre eles hai alusións a ríos e fontes, a prados e a terras de cultivo, a montes, ao mundo eclesiástico... A todos os elementos que compuñan a vida cotiá dos poboadores que decidiron nomealos.

Deste xeito, a nosa clasificación semántica agrupa estes topónimos en seis categorías, que son a terra, a auga, a flora, a fauna, as persoas e os grupos humanos e a transformación e a posesión da terra. Por outra parte, a clasificación etimolóxica permitiunos establecer catro familias diferentes. A máis grande está formada polo topónimos de orixe latina, debido a que esta lingua é a base principal da lingua galega. Con todo, a nosa toponimia aínda manifesta a pegada que deixaron outros pobos prelatinos, xermánicos e mesmo árabes –aínda que a presenza destes últimos na actual Galiza fose case anecdótica.

Finalmente, a conclusión que tiramos deste estudo é que a toponimia de Fisteus é unha mostra significativa da toponimia galega. Os nomes que nela encontramos poderían pertencer a calquera outra parroquia, xa que todos eles aluden a elementos da paisaxe natural ou humanizada. Por outra parte, as súas orixes son diversas, mais principalmente prelatinas, latinas, xermánicas ou árabes. Por todo isto, consideramos que a toponimia é un tesouro lingüístico e cultural que debemos preservar, mediante a súa posta en valor e a divulgación.

## 2. Introducción

Este traballo de fin de grao nace da vontade de nos aproximarmos a un dos bens máis prezados de Galiza, ás veces esquecido e moitas veces deturpado, como é a toponimia. Obviamente, a ampla variedade de topónimos que se poden encontrar no territorio galego resulta demasiado extensa para un estudo completo. Por este motivo, limitamos a procura á parroquia de Fisteus, no concello de Curtis, igual de rica e diversa toponimicamente falando como calquera das múltiples parroquias da nosa terra. Deste xeito, a base do traballo será unha compilación de topónimos de varios tipos, entre os que se encontran tamén os microtopónimos e os hidrónimos. O obxectivo principal será desenvolvermos unha proposta sobre a orixe e o significado destes nomes, para despois podermos clasificalos de acordo coa súa orixe etimolóxica e coa súa semántica.

Para realizarmos este estudo, organizamos o traballo en varias fases. A primeira ten a ver coa recolección dos topónimos, para a cal empregamos principalmente ferramentas dixitais como Google Maps ou a páxina de web do catastro, aínda que tamén nos valemos de fontes orais (especialmente para os microtopónimos). A continuación, procedemos á análise de cada un dos nomes mediante a consulta das referencias bibliográficas que se citan na sección final. Unha vez completada esta tarefa, utilizamos esta información para elaborarmos unha proposta de clasificación semántica e etimolóxica do conxunto de topónimos de Fisteus. Finalmente, o conxunto formado pola análise e a clasificación da listaxe dos nomes recollidos levounos a unhas determinadas conclusións que se exporán máis adiante.

### 3. Traballo

#### a. O valor da toponimia

Concederlle á terra un nome de seu é moito máis que o mero acto de denominación dun espazo. É o seu recoñecemento como un membro importante da natureza e supón a súa colocación case ao mesmo nivel que o do ser humano; é a posta en valor do labor que desempeña. Ao fin e ao cabo, a terra é a responsable da vida e o refuxio de millares de xeracións de seres humanos que foron deixando a súa pegada nela.

É por isto que coñecermos a toponimia dun país ou dunha rexión é unha experiencia que vai alén do ámbito lingüístico. Trátase dunha ollada ao pasado e á historia dunha cultura, de pobos que xa non están ou que se mesturaron con outros para daren lugar aos actuais. Detrás de cada topónimo ou microtopónimo hai séculos e séculos de coñecemento herdado e difundido principalmente a través da oralidade, feito canto menos meritorio se tivermos en conta a cita de Tito Flavio Vespasiano: *verba volant, scripta manent*. Eses elementos capaces de se conservaren durante tanto tempo no acervo lingüístico dunha comunidade ben merecen ver recoñecida a súa importancia.

O caso galego resulta de especial interese, xa que a todo o mencionado anteriormente cómpre sumarmos o inxente número de topónimos conservados. Como indica Ferreiro (2001: II, 27), “o nomenclátor da Galiza supón practicamente a metade dos topónimos do Estado español”. Chama a atención que un pequeno curruncho da península ibérica poida acumular tal cantidade de nomes de lugar, feito que demostra a estreita relación que o pobo galego mantivo sempre coa súa terra. Cada monte, cada prado, cada regato ou cada pena recibiron os seus nomes, que manifestaban a súa identidade e que puideron sufrir modificacións desde o seu “bautismo” ou mesmo seren conservados na forma orixinal. Coñecermos e valorarmos a toponimia significa comprendermos a historia dun territorio e dos individuos que viviron nel: “a toponimia constitúe un capítulo fundamental en relación á historia lingüístico-cultural dos pobos, xa que

é testemuña via das diversas circunstancias que unha comunidade sofre ao longo do tempo, reflectindo o devir político e sociocultural dunha comunidade” (Ferreiro 2001: II, 27-28).

Por todo isto, é o noso deber como lingüistas, mais principalmente como integrantes do pobo galego, preservarmos do mellor xeito posíbel esta herdanza que recibimos. Coñecer en profundidade as orixes e os significados da toponimia vai contribuír a protexela das deturpacións que sufriu –e aínda hoxe sofre– pola influencia do español. Este traballo de fin de grao é unha pequena contribución a esa tarefa, alén de ser unha demostración da riqueza lingüística que encerran os nomes propios.

#### **b. O obxecto de estudo**

Como xa anunciamos na introdución deste traballo, a variedade toponímica do territorio galego é tal que non sería posíbel reflectila nun estudo destas características. Por iso, escollemos unha área de tamaño reducido, como é unha parroquia. Neste caso centrarémonos na parroquia de Fisteus, pertencente ao concello de Curtis.

Este municipio localízase na parte máis oriental da provincia da Coruña e forma parte da comarca de Betanzos. Cunha extensión de 116,7 km<sup>2</sup> (IGE, 2020), limita ao leste co concello de Guitiriz, pertencente xa á provincia de Lugo; ao sur, con Vilasantar e Sobrado dos Monxes; ao oeste con Mesía e Oza-Cesuras, e ao norte con Aranga. A súa poboación de máis de 4000 habitantes (INE, 2020) repártese entre dous núcleos de poboación principais, que son Curtis e Teixeiro, e entre os centos de aldeas e lugares que os rodean.

Tradicionalmente, o concello de Curtis tivo un carácter eminentemente rural característico do interior de Galiza, cunha economía sustentada polos labores agrícolas e gandeiros. De feito, aínda a día de hoxe son moitas as familias que se dedican á gandaría e á agricultura, así como aos traballos forestais. Este vínculo coa terra vén de vello, como demostra

o topónimo que dá nome ao concello. Cabeza Quiles (2008: 518) sostén que este nome “provén do latín serodio *cortes* ou *curtis* (e este do latín clásico *cōhōrte*, ‘espazo pechado, campamento’), e que tamén alude a unha posesión agrícola pechada ou especie de granxa medieval [...]”. Este topónimo non é máis que unha breve mostra da historia que gardan as palabras dentro de si. Ao mesmo tempo, é un adianto do tipo de tesouros que analizaremos máis adiante.

A parroquia de Fisteus, concretamente, é a máis grande de todas as que integran o concello. Ocupa o 34’96 % do total do territorio e conta cunha extensión de 40,84 km<sup>2</sup> (véxase <http://www.curtis.gal/index.php/es/parroquias-n>). López Castro (2002: 19-28) suxire que a orixe da actual parroquia de Fisteus estivo relacionada coa actividade agraria no período medieval, mediante explotacións dependentes do mosteiro de Sobrado dos Monxes, e que chegou a ter dous cotos para a administración da xustiza (o Coto de Fisteus e o Coto das Merelas). O mesmo autor indica que no ano 1607 a súa poboación era de 131 veciños, mentres que xa no século XIX se converteron en 692, repartidos en 60 núcleos de poboación (López Castro 2002: 30). Este aumento demográfico provocou a creación de dúas ermidas que aínda se conservan na actualidade, con todas as súas funcións: San Roque de Xabriño e Santa Xuliana da Illana (López Castro 2002: 30). Co paso do tempo e debido á instauración de novas políticas, a parroquia sufriu diversas modificacións que resultaron no plano actual.

Canto ao topónimo *Fisteus*, cómpre salientar que non hai, polo momento, ningunha teoría demostrada que explique a súa orixe. López Castro (2002: 20) recolle tres hipóteses, das cales nos atrevemos a descartar a primeira, que suxire a relación do topónimo co colectivo latino *filīctum* ‘mata de feitos’. A segunda posibilidade, que consideramos máis acaída, relaciona Fisteus coa tribo dos filisteos bíblicos, quizais aludindo á utilización do termo como apelativo dos habitantes da parroquia (pola súa forma de seren, por exemplo). Finalmente, a terceira



hipótese estaría vinculada ao nome latino *Finis Terreus* e faría alusión ao límite da demarcación territorial de Fisteus con respecto á parroquia de Santa Eulalia de Curtis.

### c. Os topónimos: descrición e estudo

**Alcacereira:** microtopónimo que fai referencia a unha extensión de terreo. Deriva do termo *alcacer* ‘cereal novo destinado ao consumo animal’, que provén da voz *alcacel*, procedente do árabe *alqasíl* (véxase <https://dle.rae.es/alcacel>). O sufixo derivativo *-eira* (< lat. *-ARIAM*) actúa neste caso como un abundancial.

**Almacén, O:** topónimo empregado para designar unha zona de monte. É de recente creación, xa que o seu nome alude a un almacén situado nese mesmo lugar desde hai varias décadas. O termo provén, segundo Méndez (2016: 23) do árabe *al-mahzan*, ‘botica, celeiro, soto’.

**Alvite:** topónimo referido a un núcleo de poboación. Kremer (como se citou en Vázquez García 2014: 175) sinala que “a súa orixe parece estar nunha UĪLLA ALVĪTĪ, forma de xenitivo do antropónimo xermánico ALVĪTUS [...], un bitemático cuxo primeiro elemento sería o gót. *alls* ‘todo’, aínda que posiblemente relacionado con *alhs* ‘santuario’, e o segundo talvez tamén gót. *wit(t)* ‘entendemento, agudeza’ [...]”. Por outra parte, cómpre sinalarmos a existencia do *Muñño de Alvite*, un lugar situado preto deste núcleo.

**Anillada Antigua:** microtopónimo referente á terra, que se compón dun substantivo e un adxectivo modificador (interferido pola forma española *Antigua*). Poderíase pensar que o substantivo *Anillada* é unha variante de *Anllada* (< lat. *ANGŪLĀTAM*, ‘con curvas’), topónimo recollido e explicado por Cabeza Quiles (2000: 15), aínda que non podemos omitir a similitude que presenta co españolismo *anillo*. Alén disto, cómpre mencionarmos a presenza doutros dous

topónimos formados pola adición dun modificador, que son *A Anillada de Arriba* e *A Anillada de Abaixo*.

**Arada, A:** topónimo referido a un núcleo de poboación e que alude ao aspecto da terra. Prové do termo latino ARĀTAM, participio do verbo ARĀRE (‘arar’), seguramente a partir do sintagma (TĒRRAM) ARRATAM.

**Areosa, A:** topónimo empregado para designar unha zona de monte. Describe as características dese lugar e procede da forma latina ARĒNAM, que perdeu o *-n-* intervocálico debido ao fenómeno da lenición. A este substantivo foille engadido o sufixo derivativo e formador de adxectivos *-osa* (< lat. *-ŌSAM*).

**As Fontiñas:** microtopónimo empregado para denominar terra de labradío e de pastos mais que fai referencia á auga. Trátase dun diminutivo e procede da palabra latina FŌNTEM co sufixo diminutivo *-iña* < *-ĪNAM*), que denota o seu carácter relativamente tardío (cfr. *Fontela* ~ *Fontenla*, co ant. suf. dim. *-ĒLLAM*).

**Baiuca, A:** topónimo que dá nome a un núcleo de poboación. Como indica Cabeza Quiles (2000: 23), é moi frecuente en Galicia xa que a voz *baiuca* serve desde o século XVI para designar tabernas ou bodegóns fundados por emigrantes retornados de diversas cidades españolas.

**Baldarís:** nome dun núcleo de poboación. É posíbel pensar que este termo procede do latín (VĪLLA) BALDERICI, como sinala Cabeza Quiles (2000: 63), “en alusión a unha *villa* ou antigo complexo agropecuario dun dono chamado *Baldericus*, antropónimo medieval que achamos noutro documento do ano 969 como ‘Balderico’”. As formas toponímicas que recolle Cabeza Quiles (2000: 63) son Valdriz e Baldriz, mais consideramos que é moi probábel que Baldarís comparta esa mesma orixe, coa diferenza de que o *-e-* intervocálico sufriu unha disimilación vocálica en lugar de desaparecer no proceso evolutivo. O *-s* final xustificárase

polo fenómeno do seseo implosivo –que nalgún momento da historia foi total en todo o territorio galego– e que aínda se conserva nesta área lingüística.

**Balter:** topónimo referido a un núcleo de poboación. Poderíase pensar que este topónimo ten a súa orixe no nome xermánico dun posesor medieval coñecido como BALTARIUS, como suxire Cabeza Quiles (2008: 441) que deriva no topónimo Baltar. Porén, a teoría que propoñemos é soamente unha hipótese, xa que non encontramos argumentos que a sustenten pola dificultade de explicar a mudanza vocálica  $a > e$  en posición tónica.

**Barbeitos, Os:** microtopónimo referido á terra. De feito, como apunta Cabeza Quiles (2008: 40), o termo procede do latín VĚRVĀCTUM e o seu significado remite a certos terreos que pasan un ano ou máis sen cultivar co obxectivo de que a terra descanse entre os ciclos de plantación.

**Bichacos, Os:** microtopónimo relacionado con terras de pastoreo. Trátase dun nome peculiar que podería derivar do substantivo *bicho* ‘coloquialmente, animal’, ao que se lle engadiu un inusual sufixo aumentativo *-aco*. Como Ferreiro (1999: I, 35) indica, a forma BĚSTĪUM é a orixe do actual *bicho* (BĚSTĪUM > *becho* > *bicho*).

**Boedo:** topónimo empregado para designar un lugar. Cabeza Quiles (2000: 72) suxire que a súa orixe se remonta a un hipotético \*BUDĚTU, que sería un abundancial da forma latina BŮDA (‘espadana’).

**Boilouro:** topónimo referido a un núcleo de poboación e que, neste caso, alude á morfoloxía e ao aspecto dun animal. Trátase dun nome composto por un substantivo, *boi* (< lat. BŮVEM) e un adxectivo, *louro* (< lat. LAURUM).

**Boipardo:** topónimo referido a un lugar ou aldea e de orixe similar ao anterior. O nome fai referencia tamén ao aspecto dun animal –un boi–, mais neste caso o adxectivo elixido para modificar o substantivo é *pardo* (< lat. PARDUM).

**Bouza:** nome dunha aldea que “pode provir da voz céltica *\*balcea* [...]” (Cabeza Quiles 2008: 326). O significado deste nome alude a un terreo cuberto de plantas como toxos e xestas, entre outras.

**Braña(s), A(s):** topónimo referente a un lugar e microtopónimo de uso abundante ao longo do territorio da parroquia. Martínez Lema (2010: 117) indica que a súa orixe está na forma latina UERĀNĒAM. Concretamente, este substantivo emprégase para designar terras que se caracterizan por seren moi húmidas.

**Braña da Lagoa:** microtopónimo relativo a un monte próximo ao lugar da Lagoa. Neste caso, o substantivo *braña* (véxase *supra*) aparece acompañado dunha frase preposicional que especifica o lugar onde se sitúa ese punto. Para a voz *lagoa*, véxase *infra*.

**Brañas de Porto Caínzos:** topónimo referido a unha zona de monte. Neste nome, a frase preposicional componse de dous elementos alén da preposición. O termo *porto* provén do latín PŎRTŪM e ten a ver con “pasos de ríos [...] ou pasos naturais entre montañas, todos referidos a distintas circunstancias” (Cabeza Quiles 2000: 337). A seguir, *Caínzos* é un topónimo moi frecuente en Galiza e deriva do latín CANĪCIUM ‘de canas’. Por todo isto pode considerarse que este topónimo alude a unhas brañas localizadas no paso dun río ou regato, xa que as canaveiras adoitan darse nas marxes fluviais.

**Brañas de Sucastro:** microtopónimo referido á terra e que contén unha frase preposicional, que serve para precisar a localización de desas brañas. O termo *Sucastro* resulta especialmente interesante, xa que se compón dun derivado da preposición *so* (~ *su*), procedente do lat. SŪB (‘debaixo de’) e da forma *castro* (<lat. CASTRUM).

**Busto, O:** topónimo referido a un núcleo de poboación e que alude ao aspecto da terra. Deriva do latín BŪSTŪM e serve para nomear un “pasteiro ou extensión de terra destinada ao pasto do gando [...]” (Cabeza Quiles 2008: 105).

**Cabaleira, A:** topónimo empregado para denominar unha zona de monte. É probábel que proceda da forma latina CABALLĀRIAM e que faga referencia a algún elemento omitido, como unha pedra. Así o explica Cabeza Quiles (2008: 47) cando fala da etimoloxía de *Pedra Cabaleira*: “pódese referir a dolmens ou pedras encabalgadas de maneira natural, en ambos casos coroados pola súa pedra cabaleira”. Neste sentido, convén lembrar que o nome da parroquia de *Cabaleiros*, no concello de Tordoia, onde hai un importante dolmen (cunha *pedra cabaleira*) ten sido relacionado coa etimoloxía proposta, allea a calquera tipo de *cabaleiros* ‘homes a cabalo’.

**Cabana, A:** nome dun núcleo de poboación. Procede, segundo indica Marqués Valea (2018: 29), “do latín tardío *capanna*, posiblemente de orixe céltica”. A mesma autora indica que este termo, que se segue a empregar na actualidade, describe unha construción pequena e que adoita ser de madeira, levantada co obxectivo de gardar alimentos para os animais ou apeiros de labranza e como refuxio para as persoas (Marqués Valea, 2018: 29).

**Cachopas, As:** topónimo que designa unha zona de monte. O seu nome provén do termo *cachopa*, cuxo significado ten a ver coa parte do tronco dunha árbore que permanece na terra cando esta é cortada (tamén denominado *carrocha*). A orixe deste termo semella estar relacionada co substantivo *cacho* ‘anaco’.

**Cadaval, O:** microtopónimo relacionado coa terra. A súa orixe está relacionada coa voz latina CADAVĒTUM ‘cádavo’ (RILG), polo que o sufixo *-al* debería indicar un lugar no cal abundan os cádavos. Alén disto, o DRAG define o termo *cádavo* como o “pau de toxo, uz, queiroa, xesta etc., medio queimado ou chamuscado, que queda no monte despois dun incendio”.

**Camallón, O:** microtopónimo relacionado coa terra. Cabeza Quiles (2000: 97-99) sinala que este topónimo puido ser formado a partir da raíz céltica \*CAM ou \*CAMB, co

significado de ‘curva, cousa curva’. Esta teoría resulta especialmente interesante ao comprobarmos que, na fala popular, a veciñanza tende a vacilar entre as dúas formas *camallón* e *camballón* (cfr. a variante fonética *cabañón*). Ademais, o DRAG define a voz *camallón* como unha “elevación de terra que queda entre dous regos ao arar”, o que podería explicar un cruzamento co termo *cama*.

**Campa, A:** topónimo que designa unha aldea ou lugar. Provéen do nome latino CAMPUS, aínda que o seu significado non é exactamente igual. O DRAG achega tres acepcións para o termo: “lousa de pedra plana con que se cobre unha sepultura”, “lugar no monte onde medra a herba de maneira espontánea” e “extensión grande de terreo onde hai moitos prados”. Con todo, aínda que non descartamos ningunha das posibilidades, inclinámonos a pensar que as dúas últimas definicións son as máis acertadas para este caso.

**Campo, O:** topónimo referido a unha aldea ou lugar. Trátase dun nome bastante transparente canto á súa etimoloxía, xa que deriva do latín CAMPUM. Ademais, resulta especialmente produtivo na toponimia galega, como así o demostran os diversos exemplos que encontramos na parroquia de Fisteus: o *Campo da Illana* (lugar, véxase *infra*), *os Campos* (núcleo de poboación), *a Campa* (véxase *supra*) ou *a Camposa* (microtopónimo; derivado de *campus* e cun significado que alude a “un lugar no monte onde nace a herba de maneira espontánea”, segundo o DRAG).

**Canaliños, Os:** microtopónimo relativo á terra. Provéen do latín CANĀLEM (> *cāale* > *canle* ~ *cal*), aínda que a forma actual contén o diminutivo *-iño* (<lat. -ĪNUM). Resulta, con todo, sorprendente o formato do topónimo, aparentemente derivado de *canal*, forma que non se corresponde cos patrimoniais *canle* ~ *cal*.

**Canedo, O:** topónimo que designa unha zona de monte. Deriva do latín CANNAM ‘cana’, aínda que o sufixo *-edo* (< lat. -ĒTUM) serve para indicar abundancia.

**Canto de Frádegas:** microtopónimo referido á terra. Cabeza Quiles (2008: 147) apunta que a forma *Canto* debe proceder dunha antiga forma preindoeuropea \*CANT, co significado de ‘pedra’ ou ‘rocha’. Por outra parte, o *Frádegas* da frase preposicional que a acompaña debe estar estreitamente relacionada cos *frades*, cuxa etimoloxía se remonta á voz latina plural FRATRES (Cabeza Quiles, 2008: 431).

**Carqueixóns, Os:** topónimo referido a unha zona de monte. Trátase dun substantivo formado polo termo *carqueixa* e o sufixo aumentativo *-óns* (plural de *-ón*, do latín *-ŌNEM*). Sobre a orixe do fitotopónimo *Carqueixa*, Navaza (2006: 168) vóllese dunha hipótese de Sarmiento que indica que o termo procede do latín *CARĪCEM*, aínda que tamén coloca a proposta de Corominas, que suxire a forma \*COLOCASIAM como posíbel opción.

**Carriceira, A:** topónimo relativo a un núcleo de poboación. É un derivado de *carrizo* ‘paxaro pequeno de cor parda’ ou ‘arbusto da familia das gramíneas’ (DRAG), termo procedente do latín *CAREX* (Cabeza Quiles, 2008: 267-268), ao que se lle engadiu o sufixo *-eiro* (< lat. *-ĀRĪUM*).

**Casa da Carballeira:** topónimo relativo a un lugar. A voz *Casa* é bastante transparente, xa que provén do latín *CASAM* (cfr. o lat. cl. *DOMUS*), mentres que *Carballeira* é un substantivo formado a partir do termo *carballo*. Navaza (2006: 151) apunta que “a opinión máis estendida considera *Carballo* como derivado da voz prerromana *carba* [...] por medio dun sufixo *-ALIŪ*”. Alén disto, o mesmo autor engade que Corominas clasifica a raíz \*CARB como prerromana (Navaza, 2006: 148). Ademais, en relación con esta voz, cómpre incluírmos tamén o hidrónimo *Río Carballido*, co sufixo abundancial *-ido*, variante de *-edo* (< lat. *-ĒTUM*).

**Casa da Lousa:** topónimo que designa un lugar. Nesta caso, a voz *Casa* (véxase *supra*) vai acompañada dunha frase preposicional en que destaca o elemento *Lousa*. Cabeza Quiles (2000: 338) indica que este termo deriva do prerromano *LAUSA*, co significado de ‘pedra plana’.

**Casa de Piñeiro:** topónimo relativo a un lugar. A forma *Piñeiro* provén do latín PĪNARIUM, que ao mesmo tempo deriva da forma PĪNUM (Cabeza Quiles 2018: 126). Podería pensarse que a ausencia do artigo *o* no modificador indica que *Piñeiro* non é a referencia a unha árbore, senón a unha persoa (de apelido *Piñeiro*). En relación con isto, existe na parroquia outro *Piñeiro* que designa un núcleo de poboación e un *Pinar* (referido a unha zona de monte), que destaca por se tratar dun españolismo directo.

**Casa do Loureiro:** topónimo que identifica un lugar. A voz *Loureiro*, segundo López Boullón (2019: 4-5) deriva do latín LAURARIUM, mais o autor incide en que “o topónimo puido nacer xa en galego, da mesma maneira que algúns topónimos que conteñen un termo de orixe prerromana (por exemplo *seara* ou *carballo*) non teñen por que ter orixe moi antiga, pois son palabras que sobreviviron no latín da Gallaecia e despois no galego”. Ao contrario que no topónimo anterior, neste caso si encontramos o artigo *o*, algo que nos indica que o modificador si fai alusión á árbore.

**Casanova, A:** topónimo que designa un núcleo de poboación. Trátase doutro topónimo bastante transparente canto á súa procedencia e significado, xa que deriva das voces latinas CASAM + NŌVAM. Alude ao lugar onde, en orixe, se encontraba un edificio de recente construción. Para alén disto, López Boullón (2019: 39) engade que “o Nomenclátor recolle arredor de cento cincuenta topónimos con este mesmo composto: media ducia con artigo e con nome e adxectivo separados (*A Casa Nova*), a maioría, máis de cen, sen separación e con artigo (*A Casanova*) e unha trintena [...] xunto e sen artigo”.

**Casas da Carretera:** topónimo que identifica un lugar. A presenza do españolismo *carretera* delata a orixe recente deste topónimo, que indica a localización dun grupo de vivendas situadas na marxe dunha estrada.



**Casilla de Estremil, A:** topónimo que dá nome a un lugar. Cabeza Quiles (1992: 120) destaca a modernidade do termo *Casilla* e indica que se trata dun derivado da voz latina CASAM, ‘casa’ ou ‘choza’. Segundo este autor, o topónimo fai alusión ás *casillas* de legoeiros, que servían para resgardar os obreiros encargados de repararen as estradas ou os camiños (Cabeza Quiles, 1992: 120). Ademais, o modificador indica que esta construción –que aínda existe na actualidade– está situada na aldea de Estremil (véxase *infra*).

**Castro(s), O(s):** topónimo referido a un núcleo de poboación (no singular) e a unha zona de monte (no plural). Procede da voz latina CASTRUM ‘campamento fortificado’, cuxa evolución no período medieval *castro* deu lugar a moitos antropónimos e topónimos, debido á importante presenza destas construcións na Galiza (Cabeza Quiles 1992: 124).

**Cencasas:** topónimo que designa un núcleo de poboación. A súa etimoloxía resulta ben transparente (< lat. CĒNTUM + CASAS) e aínda que o seu significado non se corresponda coa realidade actual, “pode suceder que [este lugar] non [tivese] exactamente cen casas, pero que os primitivos creadores [do seu nome] redondearan a cantidade co número cen, pola súa atracción, ó ser un número redondo, cuase cabalístico e tradicional” (Cabeza Quiles 2000: 444).

**Centeás:** nome dun núcleo de poboación. Procede da voz latina CENTĒNALES (Cabeza Quiles 2000: 156), derivado de CENTĒNUM, co significado, por tanto, de ‘lugar onde se colleita centeo’. O resultado en *-ás* correspóndese coa evolución de *-ALES* nos bloques occidental e central, como resultado dunha crase vocálica producida trala caída de *-l-* intervocálico (Ferreiro, 1999: I, 92). O proceso evolutivo, entón, sería o seguinte: CENTĒNALES > *centeaes* > *centeaas* > *centeás*.

**Cheira, A:** topónimo relativo a un núcleo de poboación. A súa orixe debe residir no latín PLANĀRIAM, derivado de PLĀNUS ‘plano’, que deu lugar tamén ao nome común e topónimo *Chaira*, con manutención de *-ai-* (cfr. ARĒAM > *aira* ~ *eira*), talvez pola confluencia

homonímica con formas do verbo *cheirar*. Cómpre resaltarmos tamén a existencia do topónimo con modificador *A Cheira de Arriba*.

**Chousa, A:** microtopónimo referido á terra. Trátase dun topónimo moi abundante na parroquia –e mesmo no resto da Galiza– e, como sinala Cabeza Quiles (2008: 204), provén do latín CLAUSAM (participio do verbo CLAUDĒRE, ‘cerrar’) e designa “antigos terreos pechados”.

**Codeso, O:** nome dun núcleo de poboación. Prové do latín \*CUTISSU (Cabeza Quiles, 2008: 266) e fai referencia a un tipo de arbusto. Existe tamén o microtopónimo *O Codesal*, co sufixo abundancial *-al* (do lat. -ĀLEM).

**Corna:** topónimo que designa un lugar. A súa etimoloxía remóntanos a unha voz precéltica como \*CARN ou \*CORN, ‘pedra’, que aludiría ás características pedrosas da zona e que estaría presente noutros topónimos galegos como *Carnota*, e tamén en topónimos ingleses como *Cornwall* ou *Porthcurno* (Cabeza Quiles 1992: 113-115).

**Cortiña, A:** microtopónimo referido á terra. Segundo indica Cabeza Quiles (1992: 177-179), esta voz está relacionada de algún xeito co topónimo *Curtis*, xa que ambos os dous nomes derivan do latín *corte* (< lat. cl. CŌHŌRTEM), co significado de ‘espazo pechado’. O mesmo autor indica que *cortiña* fai referencia a unha “leira pechada de curtas dimensións” (Cabeza Quiles 1992: 178).

**Costa do Pereiral:** microtopónimo referido á terra. O seu nome está composto por un substantivo e un modificador. O substantivo *Costa*, transparente na súa etimoloxía (< lat. CŌSTAM), alude a un lugar en pendente. Por outra parte, o modificador parece indicar que este lugar se encontra nunha zona onde abundaban as pereiras (*pereiral* = *pereira* + suf. abundancial *-al*). Alén disto, Marqués Valea (2018: 108) sinala que o nome da *pereira* “procede da (*arbōre*) \**pīrārīa* (< *pīra* ‘pera’)”.

**Coto, O:** microtopónimo relativo á terra. Trátase dunha base toponímica moi produtiva, xa que soamente dentro desta parroquia podemos encontrar diversos exemplos de derivados como o *Coto da Carriceira*, o *Coto do Muíño*, *O Coto Grande* ou *O Coto Pequeno*, todos eles referidos a zonas de monte ou a terras. Cabeza Quiles (2008: 219) considera que provén da base de orixe prerromana \*COTT (‘prominencia, altura, altura rochosa’). O mesmo autor apunta que se trata dun topónimo “numerosísimo, referido sempre a montes ou alturas desas características” (Cabeza Quiles 2008: 219).

**Couceiros, Os:** topónimo referido a un núcleo de poboación. Alude ao talo da planta da col (DRAG; Martínez 1970: 179, no TLPGP). Procede dun derivado de CALX ‘calcañar, pé, extremo...’ (cfr. CALCEM > couce ‘parte baixa dunha planta etc.’), unha forma do tipo \*CALCEARIUM, que explica tamén a variante toponímica *Coucieiro* (en Muxía) a través dunha fase \**couceiro*.

**Croios Brancos:** topónimo que alude a unha zona de monte. O seu significado fica bastante claro á primeira vista: este nome debía designar unha área onde resaltaba a presenza de pedras ou seixos de cor branca. Canto á súa etimoloxía, ten orixe no céltico, a través dunha forma latina CRŌDĪU. Con todo, si sabemos que “o adxectivo *branco* remonta a un adxectivo xermánico *blank* ‘branco, brillante’, introducido no latín desde época temperá” (Martínez Lema 2018: 84-85).

**Cruz, A:** topónimo referido a unha zona de monte. Ao igual que outros topónimos xa mencionados, esta voz foi especialmente produtiva na zona. Tanto é así que na listaxe de topónimos que recollemos encontramos formas como *O Cruceiro* (núcleo de poboación), *As Cruces* (microtopónimo) e *A da Cruz* (popularmente con seseo –*Crus*–, microtopónimo). A súa etimoloxía está relacionada coa voz latina CRŪCEM, e Cabeza Quiles (2000: 371) indica que

este nome pode ser un “topónimo viario [...] cando non alude ó símbolo relixioso do mesmo nome e está en claros ‘cruces’ de camiños”.

**Devesela, A:** Nome dun núcleo de poboación. Cabeza Quiles (1992: 182) considera que a súa orixe se remonta ao “latín *defensa*, de *defēndere*, ‘defender, preservar’, que debeu dar, en latín tardío, unha (*tērra*) *dēfēnsa* ou ‘terra acoutada/cercada’, base do actual *Devesa*, microtopónimo abundantísimo que sinala antigas devesas ou fincas pechadas”. No caso do noso topónimo, cómpre termos en conta o sufixo diminutivo *-ela* (< lat. *-ĒLLAM*), que alude ás reducidas dimensións da devesa en cuestión.

**Eirixe, A:** topónimo que designa un núcleo de poboación. A súa orixe, como sinala Marqués Valea (2018: 69), está vinculada ao latín vulgar *eclesiam*, que ao mesmo tempo deriva do latín clásico “*ecclēsīa*, ‘reunión do pobo’, ‘assemblea dos primeiros cristiáns para celebrar o culto’, e despois ‘lugar onde se celebraba’”. Tamén relacionado con esta etimoloxía encontramos *O Igrexario*, nome doutro núcleo de poboación da parroquia. López Boullón (2019: 59) indica que este nome fai referencia ao conxunto de terreos que pertencen á igrexa parroquial, argumento que apoiamos xa que *O Igrexario* está localizado ao carón da igrexa de Santa María de Fisteus.

**Esmorís:** topónimo relativo a un núcleo de poboación. Trátase dun topónimo formado a partir do nome dun posesor xermánico (en xenitivo), polo que a súa orixe se debe remontar a unha (VILLA) (H)ERMERICI, ‘vila de Hermericus ou Ermericus’ (Cabeza Quiles 2018: 67). Alén disto, o mesmo autor indica que este antropónimo está “composto polas voces góticas \**áirmans-*, *áirmins-* ‘grande’, e *-ricus* < *reiks* ‘poderoso’” e que “o feito de que o topónimo soe *Erm-* e se escriba *Esm-*, que é unha ultracorrección, é proba do rotacismo na zona [...]” (Cabeza Quiles 2018: 67). O motivo que explica a terminación *-ís*, no lugar do esperábel *-iz*, ten a ver cos efectos do seseo implosivo, que como xa se indicou anteriormente, aínda na actualidade se

rexistra na zona. Neste senso, gustaríanos sinalar a presenza doutro topónimo de similar significado e orixe, *O Esmorique*, situado na veciña parroquia de Santa Eulalia de Curtis.

**Estanco (O):** nome dun núcleo de poboación. A pesar de que o seu significado na actualidade faga referencia a un establecemento en que se vende principalmente tabaco (sería, neste caso, un topónimo moderno), consideramos que, porén, o termo pode aludir a un “estanque de auga”, como indica Fraga (1968: 82, no TLPGP). Así, *Estanco* sería un derivado de estancar, do latín \*EXTANCĀRE ‘cerrar, parar, deter o curso dunha corrente de auga’.

**Estremil:** topónimo referido a un núcleo de poboación. Sobre este nome, Piel (1989: 162) incide na relevancia do sufixo *-mil*, procedente de “-mirus (< xerm. *mêreis* ‘famoso, célebre’: o caso geral dos nomes em *-mirus* toma as formas *-miro*, *-milo*; o genit. *-miri* as formas *-mir*, *-mil*”.

**Feal, O:** topónimo que alude, na actualidade, a unha zona de monte. Cabeza Quiles (2008: 65) indica que o termo deriva do latín FĒNALEM, voz que designa as extensións de cultivo do *feo* (ou *feno*), isto é, ‘herba seca que se dá ao gando como alimento’.

**Fieital, O:** topónimo referido a un núcleo de poboación. Como se pode comprobar pola presenza do sufixo abundancial *-al*, estamos ante un topónimo que designa unha extensión de terra caracterizada pola abundancia de feitos. Navaza (2006: 260) sinala que a voz *fieito* procede do latín FĪLĪCTUM ‘mata de fentos’ –ou feitos –, que ao mesmo tempo é un colectivo derivado de FĪLIX, -ĪCIS ‘fento’ –ou fieito–.

**Fonte, A:** topónimo que designa un lugar. Trátase dun topónimo moi transparente canto á súa etimoloxía (< lat. FŌNTEM), que ademais resulta moi produtivo para a toponimia. Deste xeito, dentro dos topónimos recollidos para este traballo encontramos algúns derivados interesantes. Entre eles están *Fontá* (núcleo de poboación) e o *Río de Fontá* (hidrónimo), derivados do latín FŌNTANAM ‘fonte pequena’; tamén o microtopónimo *Fontefestiñas*,

procedente de *Fontes Festiñas* (< lat. FĚSTĪNUM ‘rápido’), isto é, fontes en que a auga corría moito.

**Fraga, A:** nome dun núcleo de poboación. Trátase, como ben sabemos, dun topónimo extremadamente abundante no territorio galego, debido ao aspecto que durante séculos tiveron os nosos bosques. Cabeza Quiles (1992: 213) explica que “a voz *fraga*, ‘bosque, espesura, penedal, lugar abrupto’, que xa existía no latín tardío con esa forma, provén á súa vez, segundo diversos autores, do verbo latino *frangĕre*, ‘romper’”.

**Galera, A:** microtopónimo referido á terra. A orixe deste topónimo non está moi clara, mais Cabeza Quiles (2000: 217) suxire que pode derivar do latín GLARĚA, ‘pedregal’, e que por iso, este nome faría referencia á presenza de pedras nos lugares aos que se refire. Con todo, ten a aparencia dun topónimo moderno.

**Gandarón, O:** microtopónimo referido á terra. Trátase dun topónimo formado polo substantivo *gándara* e o sufixo aumentativo *-ón*, o cal destaca por ser unha forma masculina empregada nun substantivo feminino, que influíu no xénero do substantivo resultante (fem. *gándara* > masc. *gandarón*). Canto á etimoloxía de *gándara*, Cabeza Quiles (2000: 97) confía nunha hipótese de Menéndez Pidal, que suxire a relación deste nome coa voz preindoeuropea \*GANDA ‘pedregal’.

**Godulfes, Os:** topónimo que designa un núcleo de poboación. A súa terminación *-ulfes*, como suxire Cabeza Quiles (2008: 16), delata unha orixe xermánica na voz WULF / WULFS ‘lobo’. O propio Cabeza Quiles recolle os topónimos “*Gondulfe*” e “*Gondulfes*” (2008: 16), polo que pensamos que *Godulfes* non pode ser máis que unha variante fonética dos anteriores, provocada probabelmente polo cruzamento coa voz *godo* ou mesmo pola perda da nasalidade, como ocorreu coas variantes *gando/gado*.

**Golpe, O:** topónimo referido a unha zona de monte. A súa orixe remóntase ao latín VŪLPEM ‘raposo’, polo que este topónimo debía aludir á presenza deste animal na zona. Trátase dun topónimo interesante pola historia lingüística que supón, xa que na actualidade, o termo *raposo* pasou a ser a voz de uso maioritario para designar este mamífero tan presente nas tradicións e na historia rural da Galiza, e *golpe* ficou confinado na área mindoniense. De feito, a voz *raposo* está presente tamén na toponimia da parroquia, a través de microtopónimos como *As Raposeiras* ou doutros topónimos como *a Insua da Raposeira*.

**Graxas da Cheira:** nome dun lugar. Concretamente, estas *graxas* están situadas no lugar da Cheira (véxase *supra*). Cabeza Quiles (2008: 539) sostén que o termo *graxa* (ou *graña*) debe provir da base latina \*GRANIA, que en ocasións alude a unha fundación eclesiástica de categoría inferior a un mosteiro ou priorado. O mesmo autor móstrase de acordo coa hipótese de H. de Saa e afirma que “case todos os mosteiros de Galicia algo importantes tiñan as súas *graxas* ou *grañas*, as cales, tendo á fronte un monxe labrego, se ocuparían de subministrar produtos agropecuarios aos seus respectivos cenobios” (Cabeza Quiles 2008: 539). A presenza dun topónimo *Graña* (núcleo de poboación) a escasos quilómetros do anterior confirma esta teoría, que se ve aínda máis fortalecida ao considerarmos a proximidade do mosteiro de Sobrado dos Monxes. En calquera caso, *graxa* é voz común (traspasada á toponimia) tomada do francés *grange*, derivado do lat. GRANĬCA.

**Hedreira, A:** topónimo que designa un núcleo de poboación. Navaza (2006: 295-298) indica que se trata dun nome derivado do latín HĒDĒRAM (‘hedra’) xunto co sufixo derivativo *-eira* (< ĀRĪAM). Alén disto, cómpre mencionar a presenza do *Muíño da Hedreira*, lugar situado a carón deste núcleo.

**Illana, A:** topónimo referido a un núcleo de poboación. Procede, como indica Montenegro Duque (2001: 12), do nome latino IŪLIĀNA. Un dos argumentos que pode apoiar

esta teoría reside no feito de que a patroa da parroquia é Santa Xuliana, cuxa capela se encontra precisamente neste lugar. A conservación da terminación *-ana*, que resulta inusual no proceso evolutivo do galego, pode deberse á influencia do latín eclesiástico (cfr. o masc. ant. *Juião ~ Gião*, mod. *Xián ~ Xiao*). Alén disto, cómpre indicarmos que encontramos tamén as variantes con modificador *A Illana de Arriba* e *A Illana de Abaixo*.

**Insua, A:** nome dun núcleo de poboación. Como indica Cabeza Quiles (2000: 207), a súa orixe remóntase ao latín *ĪNSŪLAM* ‘terra rodeada de auga’, aínda que moitas veces –como neste caso– o nome non alude a unha illa senón a unha porción de terreo situada na ribeira dunha mínima corrente fluvial. Ademais, a localización da nosa *Insua* ao carón do *Rego da Mallada* non fai máis que confirmar esta teoría. Finalmente, cómpre mencionar tamén a presenza dunha *Insua da Raposeira*, un microtopónimo referido á terra.

**Lagoa, A:** topónimo que designa un núcleo de poboación. Martínez Lema (2010: 214) explica que esta voz “veuse interpretando tradicionalmente como o resultado dunha forma *\*LACŌNA*, á súa vez variante de *LACŪNA* e tal vez explicábel pola reinterpretación desta última como derivado aumentativo de *LĀCUS* [...]”. O propio Martínez Lema (2010: 214) engade unha observación moi interesante ao afirmar que *LACŪNA*, na súa orixe, era o feminino do adxectivo *\*LACŪNUS* e que debeu ser utilizado en sintagmas como *\*(AQUA) LACŪNA*, co significado de ‘auga almacenada ou recollida nun depósito’. Na actualidade, non hai indicios da existencia dunha lagoa nese lugar concreto, mais si existe unha –a *Lagoa da Carballoa*– nunha zona relativamente próxima.

**Lareiras, As:** microtopónimo relativo á terra. Trátase dun derivado de *lar*, procedente do latín *LAREM* ‘lugar da casa onde se fai o lume’.

**Lataslongas, As:** microtopónimo referido á terra e a zonas de pasto. Probabelmente o topónimo *Lata* (procedente do xerm. ou gálico *LATTA* segundo Meyer-Lübke (1972 [1935]: s.v.



*latta*) indica ‘tenza de terreo estreita e plana’. Aparece como topónimo en diversos puntos do país, e xa está documentado na Idade Media, nun documento de 1474 do mosteiro de Sobrado dos Monxes: [...] *tallos et pastos cōmo se começan primeiramente Eno Porto do Penedo et cōmo se vay ena Aguoa aRiba et vay ao Porto das Merelas et de aly cōmo se vay ao Porto do Grueyro et de aly ao Porto dos Caynços et de aly como se vay ao Sope et como se extrema dos nossos casares da **Lata** Et de aly como se vay por lo monte atraues onde chamã as Abruñeyras et de aly como se vay ao Porto da Pedreyra et vense eno camiño ao Forno da Tella et daly como se ven ao Porto da Ventosa* (cfr. CGPA, s.v. *Lata*).

**Leira do Carreiro:** microtopónimo relativo á terra. A voz *Leira* deriva do latín GLARĒAM, ‘terra arenta’ (Marqués Valea, 2018: 75), mentres que a voz *Carreiro* que se inclúe no modificador procede de *carro* (< lat. CARRUM), por máis que hoxe xeralmente indique ‘camiño estreito que só serve para pasar a pé’.

**Liñares, Os:** nome dun lugar. Provéen do latín LĪNUM, ‘liño’, voz á que se engadiu o sufixo derivativo -ALEM (Navaza, 2006: 312-314). O motivo que explica a aparición dun -r no lugar do -l esperábel no proceso evolutivo -ALEM > -al ten a ver cunha vacilación entre as consoantes líquidas /r/ e /l/, comunmente alternadas na fala popular, especialmente cando na base léxica existe outro /l/.

**Martín:** topónimo referido a un núcleo de poboación. Martínez Lema (2018: 58) indica que deriva “dun antigo sintagma (VILLA) MARTINI, que fai referencia a unha propiedade fundiaria dun persoeiro chamado MARTINUS”. O hidrónimo *Río de Martín*, por outra parte, está relacionado con este topónimo e comparte a súa orixe. Alén disto, o mesmo autor afirma que este topónimo é especialmente abundante no territorio galego (Martínez Lema 2018: 58), declaración con que concordamos xa que a poucos quilómetros deste lugar encontramos outro Martín, pertencente á parroquia veciña de Santa Eulalia de Curtis.

**Martiños, Os:** topónimo relativo a un núcleo de poboación. Neste caso, Martínez Lema (2010: 223) sinala que se trata dun proceso de “toponimización de apelidos patronímicos alusivos a un determinado grupo familiar”. Quérese dicir que no lugar dos *Martiños* deberon vivir, nalgún momento, familiares dunha persoa chamada *Martiño*, cuxo nome acabou por designar ao conxunto da familia e cristalizar como topónimo (Martínez Lema 2010: 223).

**Medoñas, As:** microtopónimo referido á terra. Este nome garda unha estreita relación con outro microtopónimo presente na parroquia, *A Medorra*, xa que, segundo Cabeza Quiles (1992: 259-260), ambos os dous proceden da voz latina MĒTAM ‘antiga columna cónica situada ao final da *spina* dos circos romanos que servía para sinalar a chegada das carreiras’. Por extensión, os derivados de *mēta* pasaron a denominar monumentos prehistóricos como as mámoas.

**Merelas, As:** nome dun núcleo de poboación. A súa orixe resúltanos incerta, aínda que pensamos que pode provir do termo *mera*, definido por Franco Grande (1972, no RILG, s.v.) como “suerte comunal que le toca a cada vecino; suerte que le toca a uno por los padres”. Por outra parte, esta voz tamén podería ter o significado de ‘néboa’ (Carré Alvarellos 1951, no RILG, s.v.). En calquera caso, trátase dun diminutivo formado polo sufixo *-ela*.

**Mesón, O:** topónimo que designa un lugar. Martínez Lema (2018: 59) indica que esta voz chegou ao galego a través do francés *maison* (< lat. MANSIŌNEM) e que serve para designar ‘unha pousada ou casa onde se lles ofrece hospedaxe aos camiñantes’.

**Mingueiras, As:** nome dun núcleo de poboación. No RILG suxírese que este termo alude aos “espazos que se formam dentro das vasilhas motivados pola descida do vinho” e que procede do verbo latino MĪNŪĀRE (Pinto 1947, no TLPGP), polo que se podería interpretar como un sinónimo de *vagoada* ou *baixada*. Tendo en conta a orografía do lugar, coidamos que esta teoría ten altas probabilidades de ser certa.

**Mirás:** topónimo referido a un núcleo de poboación. A súa orixe parece estar relacionada coa voz *miral* ‘mirador’ (RILG, s.v.), polo que o topónimo aludiría a un conxunto de lugares elevados. O motivo polo que a forma actual é *mirás* e non *mirais*, como se podería pensar, ten a ver coa súa evolución histórica, *mirales* > *miraes* > *miraas* > *mirás*.

**Moitas Aveas, As:** microtopónimo relativo á terra. Trátase dun topónimo singular canto á súa formación, pola presenza do numeral *moitas* (< MŪLTAS) despois do artigo. Con todo, a súa orixe reside na voz latina AVĒNAM, que designa un tipo de cereal cultivado para o consumo humano e animal.

**Monte da Ameneira:** topónimo relativo a unha zona de monte. A voz *monte*, transparente na súa orixe, provén do latín MŌNTEM ‘montaña, monte’. Canto ao termo *ameneira* ‘árbore frondosa que se dá en lugares húmidos’, Navaza (2006: 54) indica que non hai un acordo sobre a súa orixe, mais considera que “a existencia de formas con *-n-* intervocálico xunto con outras onde se perdeu [como en *amieiro*] pode obrigarnos ben a considerar as primeiras como residuos arcaizantes ou ben a supoñer unha dobre orixe, por exemplo *\*aminariu* / *\*aminnariu*”. Outro topónimo relacionado con este lugar debe ser o *Río da Ameneira*, de orixe semellante. Alén disto, cómpre sinalarmos que moitos dos montes da parroquia reciben o seu nome pola aldea ou lugar en que están situados. Deste xeito podemos encontrar exemplos como o *Monte da Baiuca, da Cheira, da Graña, da Nabeira, de Vilares, do Codeso, do Padreiro* ou do *Pardiñeiro* (para os cales, véxase *supra* e *infra*).

**Monte da Ribeiroa:** topónimo referido a unha zona de monte. Neste caso, deducimos que o modificador procede do latín RĪPĀRIAM ‘ribeira’, e que polo tanto alude á ribeira dun río ou regato. Por súa vez, cómpre destacarmos a terminación *-oa*, derivada do sufixo latino -ŌLAM, de carácter diminutivo. Non obstante, a toponimia da parroquia tamén inclúe o microtopónimo *A Ribeira*.

**Monte da Souteira/Saluteira:** topónimo que alude a unha zona de monte. Nos documentos oficiais aparece recollido baixo a forma toponímica *Souteira*, o que sería un derivado da voz latina SALTUM, ‘lugar con castiñeiros’. O resultado final viría dado pola adición do sufixo *-eira* (< lat. -ĀRĪAM). Con todo, na fala popular o monte é coñecido como *A Saluteira*, variante que atribuímos a unha modificación popular.

**Monte do Porto do Seixo:** topónimo relativo a unha zona de monte. Neste caso, o modificador alude a un lugar coñecido como *Porto do Seixo* (para *Porto*, véxase *infra*). Por outra parte, a voz *seixo* deriva do latín SAXUM ‘pedra’.

**Monte Pedroso:** topónimo referido a unha zona de monte. Neste caso, o substantivo *Monte* vai acompañado do adxectivo calificativo *Pedroso*, derivado do latín PĒTRAM ‘pedra’ co suf. -ŌSUM, polo que se pode dicir que este monte está caracterizado pola presenza de rochas.

**Monte Tras das Chousas:** topónimo que alude a unha zona de monte. Neste caso, a composición do modificador destaca por conter un adverbio e unha frase preposicional, unha estrutura pouco frecuente na toponimia. Para a voz *Chousas*, véxase *supra*.

**Muíño da Pinguela:** topónimo referido a un lugar. Este nome débese á existencia dun antigo muíño (< lat. MŎLĪNUM) situado no lugar da *Pinguela*. A orixe desta voz está relacionada co verbo latino PĒNDĪCĀRE, ‘pingar’, o que indicaría que neste lugar existía un pequeno regato ou caída de auga como unha goteira. Os muíños foron elementos moi importantes na sociedade rural galega e así o demostran os vestixios toponímicos que conservamos, como o hidrónimo *Río dos Muíños* ou o microtopónimo *Sobredomuíño* (formado por unha estrutura preposicional).

**Nabeira, A:** topónimo que alude a unha aldea ou lugar. A orixe da voz reside no latín NAPUM ‘nabo’, polo que entendemos que unha *nabeira* deber ser unha plantación relativamente extensa desta planta.

**Novío:** microtopónimo relativo á terra. Como Cabeza Quiles (2008: 443) suxire, a súa orixe está relacionada co adxectivo latino NŌVŪM ‘novo’. Ademais, o mesmo autor recolle a definición do dicionario enciclopédico de Eladio Rodríguez, que describe un novío como un “terreo inculto que se cavou recentemente para dedicalo a cultivo” (Cabeza Quiles 2008: 443).

**O Tarreo:** microtopónimo relacionado coa terra. Trátase dun derivado do latín TĒRRĒNUM ‘terroso’ (> *terreo* > *tarreo* ~ *tarrío*).

**Outeiro, O:** nome dun núcleo de poboación e topónimo relativo a unha zona de monte. Como indica Cabeza Quiles (1992: 324), a súa orixe remóntase ao latín ALTĀRĪUM (do lat. ALTUS ‘alto’), polo que o seu significado fai referencia a un lugar elevado. Alén disto, cómpre destacar a existencia do *Outeiro de Arriba* e o *Outeiro de Abaixo*, topónimos con modificador que fan referencia a dous lugares no núcleo do Outeiro.

**Padreiro, O:** nome dun núcleo de poboación. Navaza (2006: 437) sinala a voz latina PLATĀNUM ‘pradairo, árbore caducifolia que adoita darse en lugares húmidos’, como base lexical a que se engadiría o sufixo abundancial -ĀRĪUM. Con todo, o resultado *Padreiro* non se corresponde co esperábel *Pradairo* debido a dúas cuestións. A primeira ten a ver coa evolución do ditongo -ai- a -ei- (cfr. *Chaira* ~ *Cheira*), mentres que a segunda consiste na metátese do -r-, que pasou a incorporarse na sílaba tónica.

**Pardiñeiras:** nome dun núcleo de poboación. Como suxire Cabeza Quiles (2008: 188), esta voz debe provir dun hipotético \*PARIETINARIAS (derivado do lat. cl. PARIĒTEM ‘parede’), “que os dicionarios dan co significado de couto, devesa, terreo ou campo acoutado (con paredes)”. En relación con este topónimo debemos mencionar o nome doutro núcleo de poboación sito na parroquia, *O Pardiñeiro*, “cuxas glosas lexicais explicano como edificio arruinado, casa grande desmantelada e sen habitantes, se ben pola documentación antiga podemos albiscar o primeiro significado desta voz, que debeu referirse a unha construción

adxectiva con paredes onde gardar gando ou trebellos de labranza ou a unha pequena finca pechada con paredes” (Cabeza Quiles 2008: 188)

**Pardos, Os:** topónimo que designa unha zona de monte. Pola súa construción, deducimos que se trata dun topónimo cun elemento omitido e que a súa forma orixinal debeu ser algo como *Os (Montes) Pardos*, por exemplo. Ademais, a voz *pardo* deriva do latín clásico PARDUS, que ao mesmo tempo está relacionado co grego ΠΑΡΔΟΣ ‘leopardo’ ou ΠΑΡΔΑΛΟΣ ‘pardal’, por alusión á cor escura destes animais (Marqués Valea 2018: 108).

**Pena, A:** nome dun núcleo de poboación. Este termo provén do latín PĪNNAM ‘rocha’ e resulta ser unha base moi produtiva para a toponimia, como demostran os variados exemplos que encontramos na parroquia. Entre eles están *Pena Pinta*, zona de monte; *Penarrubia*, núcleo de poboación; *Penatorta*, microtopónimo; *A Peniña*, microtopónimo; e o *Monte das Penas Grandes*, zona de monte.

**Pereiras, As:** nome dun núcleo de poboación. Como xa se expuxo anteriormente, o termo *pereira* deriva do latín (ARBŌRE) \*PĪRĀRĪA (Marqués Valea 2018: 108).

**Petelos, Os:** topónimo referido a unha zona de monte. Probábelmente a orixe deste topónimo estea relacionada co substantivo *petón* ‘prominencia dun terreo’, tal como Cabeza Quiles (1992: 364) suxire. Ao mesmo tempo, é posíbel que a voz *petón* estea dalgún xeito vinculada á voz preindoeuropea \*PETT ou \*PITT ‘altura, prominencia’ (Cabeza Quiles 2008: 410). Por todo isto, podemos pensar que o lugar dos Petelos debe o seu nome á altura a que está situado.

**Picha, A:** topónimo relativo a un lugar. Cabeza Quiles (2008: 493) sinala, como mostra do enxeño lingüístico do pobo galego, que “o vocábulo popular *picha* (en galego normativo *pixa*) referido ao pene, que recorda o picho ou cano dunha fonte, quizais conteña a mesma idea significativa que o topónimo *Picha*, o cal, polo tanto, pode ter un significado similar ao de *Picho*

e *O Picho*”. Por iso, cómpre facermos referencia ao topónimo *Picho*, procedente do céltico expresivo \*BICC ‘punta, pico’ e frecuentemente relacionado coas fontes, polo que o seu significado debe aludir ao cano desas fontes. Existen tamén formas toponímicas derivadas destas voces, como pode ser o caso da *Picheira*, outro microtopónimo da parroquia de Fisteus.

**Poceiras, As:** topónimo que designa unha zona de monte. Consideramos que a súa orixe está relacionada co latín PŪTĒUM ‘pozo’, un termo cuxa evolución histórica resultou na creación dun feminino *poza* que adquiriu connotacións dimensionais (Ferreiro 1999: I, 233). De feito, na actualidade consideramos unha *poceira* como unha pequena acumulación de auga no chan, xeralmente por efecto das chuvias. Outro nome relacionado con esta orixe é a *Poza dos Barbeitos*, un microtopónimo que alude a unha balsa de auga situada no lugar dos *Barbeitos* (véxase *supra*).

**Ponte da Pedra:** topónimo relativo a un lugar. A etimoloxía de *Ponte* é bastante transparente, pois deriva do latín PŌNTEM ‘ponte’. Por outra parte, como xa expuxemos máis arriba, a voz *Pedra* provén do latín PĒTRAM ‘pedra’. A existencia das pontes está moi ligada á cultura e á paisaxe galegas, algo que tamén se ve reflectido na nosa toponimia. Por iso, a presenza de topónimos referidos a estas construcións é destacábel, como nos demostran outros exemplos recollidos entre os lugares da parroquia: *A Ponte Grande* e *o Pontillón de Esmorís*.

**Portalaxe:** topónimo referido a unha zona de monte. Consideramos que se trata dun derivado de *Porta (da) Laxe*, que co paso do tempo chegou a omitir o elemento preposicional. O primeiro compoñente do topónimo, *Porta*, procede do latín PŌRTAM ‘porta’, mentres que *Laxe* sería un derivado da voz céltica LÁGENA ‘pedra lisa e longa’, segundo Cabeza Quiles (2008: 337). Esta etimoloxía suxírenos a idea de que o topónimo poida facer alusión a algún tipo de construción megalítica, como unha mámoa ou un dolmen. Por outra parte, cómpre salientarmos a existencia de *Portasbestas*, un núcleo de poboación cuxo nome semella similar ao anterior.

Neste caso, supoñemos que a orixe estaría na forma *Porta (das) Bestas* (< lat. BĒSTĪAM ‘animal salvaxe’).

**Porto:** nome dun núcleo de poboación. Como xa se indicou máis arriba, a voz Porto deriva do latín PŎRTŪM (véxase *Brañas de Porto Caínzos*). Outro nome relacionado con este é *Portomueiro*, un microtopónimo. Neste caso, pensamos que *mueiro* debe ser un adxectivo derivado do antigo *muu* (< lat. MŪLUM ‘macho, mula’), polo que podería facer referencia a unha abundancia deste animal na zona.

**Rabuñas:** nome dun núcleo de poboación. Descoñecemos a súa etimoloxía, mais si temos algunhas nocións sobre o seu significado. No RILG, a definición que se recolle para a voz *rabuña* fai referencia aos “brotos que saen do tocón, despois de talar unha árbore, ou que saen dunha carambulla enterrada e que serven para inxerir neles” (Cuns 1989, no TLPGP).

**Ratona, A:** topónimo que designa unha aldea. Non achamos indicios que aclaren a súa orixe e o seu significado. Con todo, a innegábel similitude que presenta co español fai que este topónimo resulte sospeitoso de ser un españolismo.

**Regos, Os:** topónimo que alude a unha zona de monte. Segundo indica Ferreiro (1999: II, 169), a voz *rego* ‘suco na terra por onde corre auga’, procede do prelatino \*RĒCU. Ao mesmo tempo, encontramos na toponimia a súa forma feminina *As Regas* (microtopónimo). O termo *rego* resultou de grande produtividade na toponimia, dado que o seu significado relacionado coa auga permitiu a creación dunha multitude de hidrónimos que aluden a regatos, moitos dos cales levan o nome do lugar polo que pasan: *Rego da Anillada, da Fonte da Fraga, de Boedo, do Golpe, dos Castros e dos Croios*, para os cales véxase *supra*; *Rego da Mallada* (< lat. MACŪLAM ‘malla’, segundo Ferreiro 1999: I, 152), *Rego das Medas* (< lat. MĒTAM ‘columna cónica’, segundo Cabeza Quiles 2008: 411) e *Rego de Follente* (< lat. UĪLLA FŪLGENTĪ, segundo Martínez Lema 2010: 48).



**Requeixo, O:** microtopónimo relativo á terra. Cabeza Quiles (2018: 623) sinala unha posíbel orixe da voz *requeixo* (que define como ‘caixa orográfica’) no latín serodio *\*recapsēu*, ao mesmo tempo derivado de CAPSAM ‘caixa’. O mesmo autor sinala que a voz *requeixo* sería da “mesma familia léxica que as voces *queixo* e *queixada* = ‘mandíbula inferior á maneira dunha caixa do home e dos animais na que están as moas e os dentes” (Cabeza Quiles 2018: 623).

**Revolta, A:** topónimo que designa unha zona de monte, aínda que tamén aparece rexistrado como microtopónimo. Martínez Lema (2018: 75) indica que a voz “*revolta* (en orixe participio do verbo *revolver* ‘dar voltas, remover’, procedente do latín *revolvēre* ‘envolver’) designa un cambio máis ou menos pronunciado na dirección [...] dun camiño”. Alén disto, cómpre salientarmos tamén a existencia do microtopónimo *A Revolta de Irixé* (véxase *A Eirixé*).

**Río Albeiro:** hidrónimo. A voz *río* provén do latín RĪVUM ‘río’. Por outra parte, a voz *Albeiro* parece provir do latín ALBUM ‘branco’, un substantivo ao que se engadiu o sufixo *-eiro* (< lat. -ĀRĪUM). Por isto, consideramos que este hidrónimo pode aludir a unha zona do río caracterizada pola cor branca, quizais por ser unha caída de auga onde se formaba espuma. Con todo, cómpre termos en conta que a orixe do nome dos ríos adoita ser prelatino, como tamén o é o elemento \*ALB (cf. *Trasalba* e outros).

**Río Deo:** hidrónimo. Descoñecemos a orixe e o significado deste nome, aínda que o máis probábel é que a súa orixe sexa prelatina.

**Río Mendo:** hidrónimo. Bascuas López (2008: 535) sinala que a orixe deste nome sería a voz prelatina \*MINETO- (> \**Meneto* > \**Mēdo* > *Mendo*), cuxo significado é descoñecido.

**Señor:** nome dun núcleo de poboación. A súa orixe parece estar na voz latina SĒNĪŌREM, ‘home de máis de 45 anos’ que para a época romana sería ‘vello’, como indica Cabeza Quiles

(2008: 580). Probabelmente o termo faga referencia ao nome do dono –ou mesmo dona– das terras.

**Toxo Queimado:** topónimo referido a unha zona de monte. Este nome, que semella ser de recente creación, ten como base a voz *toxó*, que segundo Navaza (2006: 536) debe provir dun elemento prerromano como \*TOJU.

**Vertedeiro:** topónimo que designa un lugar. Como indica Ferreiro (1999: II, 166) a voz *vertedeiro* (ou *vertedoiro*) formouse como un derivado do verbo *verter* (< lat. VERTĒRE ‘botar’) mediante a adición do sufixo locativo *-deiro / -doiro*. Por iso, o topónimo *Vertedeiro* debe aludir a un lugar en que se depositaban obxectos ou outras materias que xa non servían.

**Vilares:** nome dun núcleo de poboación. A súa orixe remóntase ao latín VĪLLAM ‘aldea’, como indica Ferreiro (1999: II, 36), polo que este topónimo debía designar un conxunto de grupos de casas. Relacionado con este temos tamén o topónimo *O Vilarvello*, referente a outro núcleo de poboación.

**Xabriño:** nome dun núcleo de poboación. Aínda que non o sabemos con certeza, todo parece indicar que este topónimo provén da voz *xabre* (< lat. SABŪLUM ‘area’), co suf. dim. *-iño*.

**Zafrela:** nome dun núcleo de poboación. Polo seu aspecto, parece ser un diminutivo antigo co sufixo *-ela* (< lat. -ĒLLAM). Canto á base, *zafra*, debemos dicir que descoñecemos a súa orixe, aínda que no RILG se define como unha peza de ferro sobre a cal se traballan os metais (Valladares Núñez 1884, no RILG).

#### d. Clasificación dos topónimos

Existen diversas propostas de clasificación da toponimia, que poderían ser perfectamente aplicábeis aos nomes que encontramos en Fisteus. Neste traballo centrarémonos na semántica e na etimoloxía, xa que estes son os dous campos que analizamos na listaxe anterior. Para a clasificación semántica seguiremos a proposta de Ferreiro (1999: II, 32-36), que divide os topónimos nas seguintes categorías:

- A terra

Nesta sección inclúense todos aqueles topónimos que aluden a diferentes características da terra, tanto do seu aspecto como da orografía. Na parroquia de Fisteus, destacamos os seguintes: *A Anillada, A Arada, A Areosa, Os Barbeitos, A Braña* (e todos os seus derivados: *Braña da Lagoa, Brañas de Porto Caínzos, Brañas de Sucasro*), *O Busto, A Cabaleira, O Camallón, A Campa, O Campo, O Canto de Frádegas, Croios Brancos, A Galera, O Gandarón, Monte do Porto do Seixo, Monte Pedroso, Novío, O Tarreo, A Pena* (e os seus derivados *A Peniña, Penatorta, Pena Pinta, Penarrubia, Monte das Penas Grandes*), *A Revolta* (e os seus derivados, como *A Revolta de Irixe*) e *Xabriño*. Por outra parte, algúns fan referencia á situación xeográfica do terreo, como *A Costa do Pereiral, O Coto, As Mingueiras, Mirás, O Outeiro, Os Petelos, O Porto* ou *O Requeixo*.

- A auga

Todos os topónimos que fan referencia ao elemento auga de algunha maneira (os hidrónimos), están recollidos nesta categoría. Entre eles destacamos os seguintes: *A Fonte* (e derivados como *As Fontiñas*), *Os Canaliños, Os Cales, A Ínsua* (e tamén a *Ínsua da Raposeira*), *A Lagoa, Monte da Ribeiroa, Muíño da Pinguela, A Picha* (e *A Picheira*), *As Poceiras* (e a *Poza dos Barbeitos*), *Os Regos* (e outros topónimos relacionados como *O Rego da Anillada, da Fonte da Fraga, de*

*Boedo, do Golpe, dos Castros, dos Croios, da Mallada, das Medas e de Follente), Río Albeiro, Río Deo e Río Mendo.*

- Flora

Esta é unha das seccións que máis topónimos abrangue, xa que nela inclúense todos aqueles nomes que fan referencia a árbores, plantas e outros elementos vexetais. *Alcacereira, Bouza, As Cachopas, O Cadaval, Os Carqueixóns, A Carriceira, Centeás, O Codeso, Os Couceiros, O Feal, O Fieital, A Fraga, A Hedreira, Os Liñares, As Moitas Aveas, Monte da Ameneira, Monte da Souteira, A Nabeira, As Pereiras, As Rabuñas e Toxo Queimado.*

- Fauna

Este bloque contén nomes relacionados con animais, tanto domésticos como salvaxes. É un grupo pouco numeroso na parroquia de Fisteus, xa que os únicos exemplos que encontramos foron *Os Bichacos, Boilouro, Boipardo, O Golpe e As Raposeiras.*

- As persoas e os grupos humanos

Como indica Ferreiro (1999: II, 34), “é este un grupo especialmente significativo do punto de vista histórico e social”, xa que achegan moita información a respecto da estrutura social galega ao longo dos séculos. Deste xeito, nesta sección inclúense aqueles topónimos formados a partir do nome dun antigo ‘poseedor’, como *Alvite, Baldarís, Esmorís, Martín e Os Martiños.* Cómpre salientarmos tamén os nomes relacionados coa Igrexa e a vida monástica, como *O Canto de Frádegas* ou *A Cruz* (e tamén *O Cruceiro*), e os derivados de nomes de santos como *A Illana.*

- A transformación e a posesión da terra

Esta categoría inclúe varios grupos, todos eles relacionados coa intervención humana na paisaxe. Entre eles están os nomes referidos a asentamentos humanos, como a *Casa da Carballeira, a Casa da Lousa, a Casa de Piñeiro, a Casa do Loureiro, A Casanova, a Casilla*

*de Estremil, Os Castros, Cencasas e Vilares* (así como *Vilarvello*). Tamén se encontrarían nesta sección algunhas fórmulas de propiedade como *A Chousa* (e o *Monte Tras das Chousas*), *A Cortiña*, *A Devesela* e *As Merelas*. Finalmente, cómpre salientarmos os topónimos relacionados coas vías de comunicación, como *As Casas da Carretera*, e outras infraestruturas, como construcións e outros establecementos industriais *O Almacén*, *A Baiuca*, *A Cabana*, *O Estanco*, *As Granxas da Cheira* (e tamén *A Graña*), *As Medoñas*, *O Mesón*, *Pardiñeiras*, *O Pardiñeiro*, *Ponte da Pedra*, *Portalaxe* e *Vertedeiro*. As construcións do ámbito eclesiástico, como *O Igrexario* ou *A Eirixe*, tamén se agrupan nesta categoría.

Por outra parte, os topónimos tamén se poden clasificar segundo a súa orixe etimolóxica. Como ben sabemos, o actual territorio galego tivo unha grande variedade de poboadores desde o principio dos tempos. Cada un deses pobos tivo unha cultura e unha lingua, que deixaron unha importante pegada no noso patrimonio lingüístico e que aínda se reflicte hoxe na toponimia. Non se pode negar que o latín é a orixe da inmensa maioría dos vocábulos galegos, incluídos os topónimos, mais como veremos a seguir, cómpre non esquecermonos das outras fontes das cales bebeu a lingua galega:

- Topónimos prelatinos

Como o seu nome indica, son aqueles anteriores á imposición do latín polos romanos. Algúns exemplos son *Os Regos* (e *As Regas*), *Casa da Carballeira* (e outros derivados de *carballo*), *Casa da Lousa*, *O Coto* (e os seus derivados), *Bouza*, *A Cabana*, *O Camallón*, *Corna*, *Croios Brancos*, *A Picha* (e *A Picheira*) e *A Portalaxe*.. Alén disto, os nomes dos ríos adoitan ser tamén de orixe prerromana, como nos casos do *Río Deo* e do *Río Mendo*.

- Topónimos xermánicos

Este nomes teñen a súa orixe nas linguas xermánicas faladas por pobos como o suevo, durante o tempo que gobernaron a actual Galiza. Na parroquia de Fisteus encontramos exemplos como *Alvite*, *Croios Brancos*, *Esmorís*, *Estremil*, *Os Godulfes* e *As Lataslongas*.

- Topónimos árabes

Os nomes de orixe árabe son escasos, pola escasa presenza musulmana na Galiza. Con todo, puidemos encontrar algúns topónimos como *Alcacereira* ou *O Almacén*.

- Topónimos latinos

Os nomes de orixe latina compoñen a meirande parte do inventario toponímico de Fisteus. Non é de estrañar xa que, como apunta Ferreiro (1999: II, 32), o latín é a base fundamental do galego.

#### **4. Conclusións**

Despois de analizarmos e clasificarmos todos os topónimos recollidos na parroquia de Fisteus, no concello coruñés de Curtis, podemos chegar ás seguintes conclusións. En primeiro lugar, que a toponimia desta parroquia podería ser perfectamente a de calquera outra parroquia galega do interior da Galiza. O seu inventario toponímico recolle nomes que aluden a moitos tipos de realidades, como son a terra, a fauna, a flora, os grupos humanos ou a súa intervención na paisaxe. Aínda que non logramos descifrar o significado dalgún (como o da Ratona, por exemplo), observamos que a maioría destes topónimos teñen un largo percurso desde a súa orixe, polo que ás veces a realidade que designaban non existe xa na actualidade. Por isto, a súa análise resulta de vital importancia para coñecermos o pasado do concello e para comprendermos o funcionamento da sociedade dos seus antigos poboadores.

Para alén disto, puidemos observar como o latín resultou ser a orixe predominante da toponimia de Fisteus, a pesar de que tamén encontramos mostras de topónimos prelatinos,

xermánicos e mesmo árabes. Isto demostra a estreita relación que existe entre a lingüística e a historia, xa que o que se pode entender por análise lingüística acaba por achegar información moi valiosa de carácter sociolóxico e cultural. Os vestixios lingüísticos que xacen na toponimia representan un estreito vínculo co pasado do pobo galego actual. Os nomes de lugar que conservamos hoxe son a voz de millares de xeracións anteriores, que nos deixan un legado inmaterial de valor incalculábel.

Por todos estes motivos cómpre non esquecermos a importancia e o valor da toponimia, un ben que debemos coidar e protexer, na medida do posíbel. Para poder levarmos a cabo esta tarefa cómpre, en primeiro lugar, erradicarmos as deturpacións provocadas pola imposición do español e fomentar o inventariado das formas topónimicas (especialmente dos microtopónimos). Nas nosas mans está conservarmos a historia dos nosos antergos, unha misión que pasa pola valorización e a divulgación deste tesouro lingüístico.

## **5. Bibliografía**

Bascuas López, E. (2008). La hidronimia de Galicia. Tres estratos. Paleoeuropeo, celta y latino.

*Estudios mindonienses: Anuario de estudios histórico-teolóxicos de la diócesis de Mondoñedo-Ferrol* (número 24), páxs. 521-550.

Cabeza Quiles, F. (1992). *Os nomes de lugar*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Cabeza Quiles, F. (2000). *Os nomes da terra*. Noia: Toxosoutos.

Cabeza Quiles, F. (2008). *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Cabeza Quiles, F. (2018). *Toponimia da Estrada*. A Coruña: Real Academia Galega.

- CGPA = Varela Barreiro, Xavier (dir.). *Corpus informatizado Galego-Portugués Antigo*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponível en <http://ilg.usc.es/CGPA>
- Ferreiro, M. (1999 [1995]): *Gramática histórica galega. Volume I: Fonética e morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Ferreiro, M. (2001): *Gramática histórica galega. Volume II: Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- González González, M. (dir.). *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Consultado en <https://academia.gal/dicionario>
- IGE (2020). Superficie 2019. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.
- INE (2020). Revisión del padrón municipal, 01/01/2020. Madrid: Instituto Nacional de Estadística.
- López Boullón, X. (2019). *Toponimia de Ames*. A Coruña: Real Academia Galega.
- López Castro, J. (2002). *Curtis y Fisteus*. A Coruña: Diputación Provincial de A Coruña.
- Marqués Valea, X. (2018). *Toponimia de Trabada*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Martínez Lema, P. (2010). *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)* (Tese de Doutoramento, inédita). Universidade de Santiago.
- Méndez, L. (2016): *Toponimia de Agolada*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Meyer-Lübke, W. (1972 [1935]): *Romanisches Etymologisches Wörterbuch*. Heidelberg: Carl Winter.



- Montenegro Duque, A. (2002): El origen céltico del topónimo Valladolid. *Minerva. Revista Clásica de Filología* (número 15), páxs. 11-37.
- Navaza Blanco, G. (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Piel, J. M. (1989): *Estudos de lingüística histórica galego-portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional – Casa da Moeda.
- Real Academia Española. (2001). *Diccionario de la lengua española* (22.<sup>a</sup> ed.). Consultado en <http://www.rae.es/rae.html>
- RILG = *Recursos Integrados da Lingua Galega*. Seminario de Lingüística Informática - Grupo TALG / Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://sli.uvigo.es/RILG/>
- Vázquez García, C. (2014). *Toponimia do concello de Lugo* (Tese de Doutoramento, inédita). Universidade de Santiago de Compostela.